



1. **Medidas básicas.** Pontevedra, 21 de Setembro de 2020.
- Máscara obrigatoria en todo o recinto escolar.
 - Lavado de mans frecuente, cando menos, 5 veces na xornada escolar.
 - Tusir e esburrar no cóbado.
 - Distancia de seguridade de 1,5 m.
 - Evitar tocar a cara.
 - As portas, persianas, ordenador do profesorado, mandos, borradores... serán unicamente usados polo profesorado e desinfectados antes do seu uso.
2. **Uso da máscara no centro.**
- Será obrigatorio o uso da máscara en todo momento e en todo o recinto, tanto cando se estea en espazos ao aire libre como en espazos pechados.
 - É obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala. Tamén deberá traer un paquete de panos de papel para o seu propio uso.
 - Considerarase conduta leve contraria ás normas de convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara.
3. **Entrada no recinto.**
- Dado que as aulas estarán abertas desde as 8:10 horas, o alumnado accederá directamente ao edificio bordeando o salón de actos e accedendo pola porta das pistas exteriores, e dirixirse as súas aulas (sempre circulando pola súa dereita, frechas verdes).
 - Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto de persoal e alumnado.
 - Á entrada e saída do centro, procederase coa hixiene de mans.
 - Esíxese puntualidade.
4. **Ao chegar á aula.**
- O alumnado acudirá a súa aula e se sentará na mesa asignada, relacionándose desde aí co resto das súas/dos seus compañeiros/os de clase.
 - Non está permitido aproveitar os tempos de cambio de clases para estar de pé nos corredores ou en grupos dentro das aulas.
5. **Durante as clases.**
- Non intercambiar material co resto dos compañeiros.
 - Non levantarse das súas cadeiras sen permiso do profesorado.
 - Non acercarse á mesa do profesorado.
 - Escoitar as explicacións do profesorado e seguir as súas indicacións.
6. **Nos períodos de lecer.**
- Non podemos esquecer que estamos nunha situación excepcional, os períodos de lecer son agora entendidos como momentos de descanso para estirar os músculos e desconectar mentalmente das clases.
 - Non se poderá xogar (fútbol, baloncesto, pilla-pilla, tenis de mesa, xadrez, cartas ...) e sempre o alumnado terá a súa máscara posta



- c. No momento de que o timbre de comezo do período de lecer sone, sairán segundo as instrucións recollidas neste plan, sempre coa súa máscara posta.
- d. Cando rematen os períodos de lecer, o alumnado voltará ás aulas e, cando estean sentados nas súas cadeiras e co profesor dentro da aula, disporán de 5 minutos para quitar a súa máscara e tomar o almorzo coidando de manchar o menos posible; ao rematar porán de novo a máscara e gardarán as sobras na súa mochila para tirar ao lixo da súa casa.
- e. O alumnado poderá traer o almorzo da casa pero tamén haberá servizo de cafetería. Esta permanecerá aberta para vender ao alumnado de 10:10 a 10:25 e de 12:10 a 12:25, entrarase pola porta principal e sairase pola que queda fronte á porta das pistas e se establecerá unha fila gardando as distancias de seguridade.
- f. **Non se poderá comer fóra das aulas.**

Os espazos para repartir ao alumnado nos períodos de lecer será o seguinte:

- Alumnado de 1º e 2º de bacharelato no patio interior.
- Alumnado de 1º ESO e 3º ESO nas pistas exteriores.
- Alumnado de 4º ESO no claustro interior.
- Alumnado de 2º da ESO na zona axardinada da fachada principal.

No caso de que as condicións climatolóxicas non sexan favorables (chuvia, alertas por temporal...) o alumnado distribuirase da seguinte maneira:

- Alumnado de 1º da ESO no corredor do andar baixo.
- Alumnado de 2º da ESO no corredor do 1º andar.
- Alumnado de 3º da ESO no hall principal.
- Alumnado de 4º da ESO no corredor do 2º andar.
- Alumnado de 1º bacharelato nas súas respectivas aulas.
- Alumnado de 2º bacharelato nas súas respectivas aulas.

7. Saídas do centro.

- a. Para as saídas, o alumnado manterá a distancia de seguridade, e circulará sempre pola súa dereita (frechas vermellas) seguindo as indicacións marcadas, saíndo do edificio pola porta principal.
- b. O alumnado no poderá permanecer nas instalacións do centro unha vez rematen as clases. Deben dirixirse directamente á saída. Non se permitirán aglomeracións no exterior.
- c. 5 minutos antes do final da xornada avisarase por megafonía da dispoñibilidade dos buses para que o alumnado vaia baixando escalonadamente.

8. O respecto.

- a. O respecto é a clave da convivencia. Daquela, debemos respectar:
 - i. Ao profesorado, seguindo as súas indicacións.
 - ii. Ao persoal de administración e servizos e persoal do bar.
 - iii. As normas de convivencia do centro (aquí resumidas), son un reflicto dunha sociedade civilizada.
 - iv. O alumnado tamén debe respectarse entre si.
- b. Deben evitarse os insultos, as burlas, as bromas pesadas e as agresións físicas e verbais.

A dirección do centro.